

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 19 DE NOVEMBRO DE 2020

Ás 10:20 horas do día 19 de novembro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 16 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 2 e 4)  
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste ao punto 11a e 11b)  
D<sup>a</sup>. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste ao punto 11c)  
D<sup>a</sup>. Carla Candia Paz, xefa de Partitipación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste ao punto 11d)  
D. Gilberto Moldes Crespo, xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste ao punto 14)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (emenda de documentación)**

#### **a) Procedemento aberto do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores presentados. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 11 de novembro de 2020, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días a NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L. para que puidese emendar a documentación persoal. O citado licitador presentou documentación dentro do prazo concedido. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:



- Admitir neste procedemento a NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

#### 4.- Apertura da documentación técnica

##### a) Procedemento aberto do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

#### 11.- Propostas de adxudicación

##### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dunha pista acrobática -chan de execución de exercicios libres- de competición para instalación deportiva dependente do Servizo de Deportes (3.212-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dunha pista acrobática -chan de execución de exercicios libres- de competición para instalación deportiva dependente do Servizo de Deportes (3.212-611)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 2 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: aprobar o expediente de Contratación polo procedemento aberto simplificado da "CONTRATAÇÃO DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA PISTA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 19:35	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84C-C3B928-D3DC38-YGG3NT-3VVAQ3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



ACROBÁTICA- CHAN DE EXECUCIÓN DE EXERCICIOS LIBRES- DE COMPETICIÓN PARA INSTALACIÓN DEPORTIVA DEPENDENTE DO SERVIZO DE DEPORTES.

Segundo: aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 17 de setembro do 2020 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 18 de setembro de 2020 asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola xefa do Servizo de Contratación, para a CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA PISTA ACROBÁTICA- CHAN DE EXECUCIÓN DE EXERCICIOS LIBRES- DE COMPETICIÓN PARA INSTALACIÓN DEPORTIVA DEPENDENTE DO SERVIZO DE DEPORTES.

Terceiro: autorizar o gasto polo importe base máximo de licitación de 59.000,00 €, e sendo o valor estimado do contrato de 48.760,33 €. Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, Concellería de Deportes incluídos na aplicación orzamentaria 3420.629.000 "Equipamento deportivo das instalacións " do orzamento 2020.

Cuarto: abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 4 de novembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:

- Acordo de non admisión neste procedemento de FEBEGA SPORTS, S.L., adoptado na sesión do 30 de outubro de 2020, por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- Acordo de exclusión deste procedemento de GYMNSPORT GYMNOVA, S.L., adoptado na sesión do 4 de novembro de 2020, por non achegar todas as fichas técnicas esixidas no apartado 6B do prego de cláusulas administrativas particulares e non cumprir cos requirimentos do prego de prescricións técnicas particulares (cláusula II "196 Placas de espuma en forma de puzle de 5 cm. de espesor (mínimo e que cumpra coa norma FIG)", motivos de exclusión previstos, respectivamente, no apartado 6B citado e na cláusula 14.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dunha pista acrobática -chan de execución de exercicios libres- de competición para instalación deportiva dependente do Servizo de Deportes (3.212-611) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	ESTEBAN SPORTING GOOD & EQUIPMENTS, S.L.	100 puntos

Teceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESTEBAN SPORTING GOOD & EQUIPMENTS, S.L. (B-65.720.229), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 19:35	Páxina 3 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84C-C3B928-D3DC38-YGG3NT-3VVAQ3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
- Cando proceda, o compromiso da empresa coa que integra a súa solvencia de que pon os seus medios a disposición do adxudicatario”.

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESTEBAN SPORTING GOOD & EQUIPMENTS, S.L., o día 6 de novembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 10 de novembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 19 de novembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ESTEBAN SPORTING GOOD & EQUIPMENTS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ESTEBAN SPORTING GOOD & EQUIPMENTS, S.L., de conformidade co informe de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante fórmula" de data 4 de novembro de 2020.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 19:35	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84C-C3B928-D3DC38-YGG3NT-3VVAQ3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a ESTEBAN SPORTING GOOD & EQUIPMENTS, S.L. (B-65.720.229) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dunha pista acrobática -chan de execución de exercicios libres- de competición para instalación deportiva dependente do Servizo de Deportes (3.212-611) coas seguintes condicións:*

- O prezo total do contrato é de 51.425,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.925,00 euros.*
- Incrementa o período de garantía sobre o mínimo esixido de 3 anos en 1 ano.*
- Reduce o tempo de resposta fixado no PPT (72 horas) para o servizo de atención postventa durante o período de garantía en 48 horas.*
- Achega o certificado Forest Stewardship Council (FSC) dos fabricantes.*
- Achega o certificado OEKO-TEX Standar 100 o Made in green OEKO-TEX dos fabricantes.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**b) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa "Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo" (19.710-333)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra que o 5 de novembro de 2020 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento, EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L., o acordo de clasificación e se lle requiriu a presentación da documentación esixida para a adxudicación. Durante o prazo concedido, o 13 de novembro, o licitador presentou a documentación. Consultado o *Cliente ligero SCSP* do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas polo Servizo de Contratación constátase que o licitador non está ao corrente nas súas obrigas coa AEAT.

Logo da cualificación da documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, concederlle un prazo de tres días para que poida emendar a documentación, mediante a presentación da seguinte documentación:



1. Documentos acreditativos da personalidade xurídica: escritura ou documentos nos que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda (cláusula 8.5.1º do PCAP)
2. Documentos acreditativos da representación: poder outorgado a favor de quen subscriba a proposición, xunto cunha copia do Documento nacional de identidade do apoderado (cláusula 8.5.2º do PCAP)
3. Documentación acreditativa da solvencia técnica (cláusula 8.5.3º do PCAP)
4. Documentación acreditativa de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria

### **c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais "Santa Cristina-Lavadores" e Costeira-Saiáns" para o primeiro ciclo de educación infantil (24.359-332)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais "Santa Cristina-Lavadores" e Costeira-Saiáns" para o primeiro ciclo de educación infantil (24.359-332)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 30 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Santa Cristina-Lavadores e Costeira-Saiáns.*

*2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 22/06/2020 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 16/07/2020 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Santa Cristina-Lavadores e Costeira-Saiáns, por procedemento aberto.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 19:35	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84C-C3B928-D3DC38-YGG3NT-3VVAQ3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



3º.- Aprobar o gasto por importe de 2.392.231,76 euros (598.057,94 € nas anualidade de 2021, 2022, 2023 e 2024) para a contratación dos servizos para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Santa Cristina-Lavadores e Costeira-Saiáns, por procedemento aberto, con cargo ás partidas presupostarias 3230.227.99.04 ("EIM Santa Cristina-Lavadores"), 3230.227.99.07 ("EIM Costeira-Saiáns"), e bolsa de vinculación, de conformidade co seguinte cadro:

Partida	Escola	2021	2022	2023	2024
3230.227.99.04	Xestión EIM Santa Cristina-Lavadores	299.028,97	299.028,97	299.028,97	299.028,97
3230.227.99.07	Xestión EIM Costeira-Saiáns	299.028,97	299.028,97	299.028,97	299.028,97
	<b>TOTAL</b>	<b>598.057,94</b>	<b>598.057,94</b>	<b>598.057,94</b>	<b>598.057,94</b>

Ao tratarse da tramitación anticipada dun contrato cuxa execución material vai comezar no próximo exercicio, conforme ao previsto na D.A. 3ª LCSP, sométese a súa adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que financiaran o contrato.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de novembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 22 de outubro de 2020, dos licitadores que deseguido se relacionan, dos lotes 1 e 2 deste procedemento, por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP:*

1. *ARASTI BARCA MA, S.L.*
2. *EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais "Santa Cristina-Lavadores" e "Costeira-Saiáns" para o primeiro ciclo de educación infantil (24.359-332) na seguinte orde descendente:*

**- Lote 1 "EIM Santa Cristina-Lavadores"**

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	98,00
2	AURORA, PILAR Y ANA, S.L.	85,76
3	FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES	80,88





4	KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A.	71,07
---	-----------------------------------	-------

**- Lote 2 "EIM Costeira-Saiáns"**

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	94,25
2	AURORA, PILAR Y ANA, S.L.	87,50
3	FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES	75,80
4	KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A.	63,21

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., o día 3 de novembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 13 e 17 de novembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 19 de novembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 19:35	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84C-C3B928-D3DC38-YGG3NT-3VVAQ3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 14 e 15 de outubro de 2020 e 26 de outubro de 2020, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 22 de outubro de 2020, dos licitadores que deseguido se relacionan, dos lotes 1 e 2 deste procedemento, por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP:*
  - ARASTI BARCA MA, S.L.
  - EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.
2. *Adxudicar a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109) o lote 1 "EIM Santa Cristina-Lavadores" do procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais "Santa Cristina-Lavadores" e Costeira-Saiáns" para o primeiro ciclo de educación infantil (24.359-332) coas seguintes condicións:*
  - a) *O prezo total do contrato é de 1.076.240 euros euros (exento de IVE)*
  - b) *Propón a realización de 5 saídas e visitas didácticas anuais.*
  - c) *Propón a realización de 10 actividades de escola de pais anuais.*
3. *Adxudicar a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109) o lote 2 "dEIM Costeira-Saiáns" do procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais "Santa Cristina-Lavadores" e Costeira-Saiáns" para o primeiro ciclo de educación infantil (24.359-332) coas seguintes condicións:*
  - a) *O prezo total do contrato é de 1.076.240 euros euros (exento de IVE)*
  - b) *Propón a realización de 5 saídas e visitas didácticas anuais.*
  - c) *Propón a realización de 10 actividades de escola de pais anuais.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 19:35	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84C-C3B928-D3DC38-YGG3NT-3VVAQ3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**d) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20 (16.940-77)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra que o 5 de novembro de 2020 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento, FOROX INNOVACIÓN, S.L., o acordo de clasificación e se lle requiriu a presentación da documentación esixida para a adxudicación. Durante o prazo concedido, o 16 de novembro, o licitador presentou a documentación.

Logo da cualificación da documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, concederlle un prazo de tres días para que poida emendar a documentación, concretamente a documentación acreditativa da solvencia técnica (cláusula 8.5.3º do PCAP).

O certificado expedido pola Deputación Provincial de Pontevedra do programa “Conectadas 2017” refírese a un contrato executado en UTE e non indica nin o importe da prestación realizada nin a porcentaxe de participación de FOROX INNOVACIÓN, S.L. na UTE, resultando imposible comprobar se dispón de solvencia técnica suficiente.

Lémbrese que a citada cláusula 8 para o suposto de contratos con organismos públicos require a acreditación mediante certificado expedido por estes e non mediante declaración do empresario.

O outro certificado presentado polo licitador refírese a traballos similares pero por un importe insuficiente para esta licitación.

**14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos**

**a) Procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446)**

Dáse conta do recurso especial en materia de contratación interposto o 6 de novembro de 2020 por D. Gonzalo Raga García, en nome e representación de GRUPORAGA, S.A. contra o acordo de adxudicación. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 13 de novembro de 2020.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 19:35	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84C-C3B928-D3DC38-YGG3NT-3VVAQ3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**verdes da Cidade de Vigo (12.887-446)**

Dáse conta do recurso especial en materia de contratación interposto o 6 de novembro de 2020 por D<sup>a</sup> ANA MUÑOZ RUBIO, en nome e representación de EULEN, S.A. contra a súa exclusión do procedemento. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 13 de novembro de 2020.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 19:35	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84C-C3B928-D3DC38-YGG3NT-3VVAQ3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		